

Cantares gallegos foi o primeiro dos libros en galego de Rosalía. O título parece indicar que se trata dunha colección de poemas. Quizá poemas populares escoitados por ela.

No tempo de Rosalía non había televisión nin internet, nin radio e case nin fotografías, que áinda se acababan de inventar.

A xente cantaba as cancións que aprendera na súa casa ou que algunha amiga ou amigo sabía de memoria, non había cancións gravadas.

No libro, **Rosalía** usa un pequeno truco, recolle unha canción popular, que ela escoitou nalgunhas. É o trozo que leva a letra inclinada. O resto da canción é creado por ela.



Bastavales está cerca de Santiago, onde viviu Rosalía. É unha aldea cunha igrexa. As súas campás escoitábanse desde moi lonxe.

Rosalía é a máis importante e famosa escritora do **Rexurdimento**, o grupo literario e de pensamento que fai renacer a lingua galega no século XIX.

Por entón, a nosa lingua deixara de escribirse hábito moi tempo. Galicia, as xentes galegas e a nosa maneira de falar, eran ridiculizadas. Ademais non se sabía moi ben como escribir o galego.

Rosalía comeza a escribir en galego para defender a dignidade do pobo de Galicia, cunha obra de enorme calidade poética, que coloca a nosa lingua xunto a calquera outra.

Se a vida era dura para o pobo galego naqueles tempos, Rosalía tamén entende que as mulleres padecen con maior intensidade esa dureza, e denuncia a inxustiza da situación das mulleres.

Ela é unha das primeiras escritoras que asina co seu nome, e en España, a de maior altura poética do seu tempo.



Rosalía de Castro

En 1863 publica

Cantares Gallegos

primeiro libro publicado
integralmente en galego e obra
fundamental da nosa literatura.

Rosalía, leitora de Murguia



COLEXIO DE EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA
LUÍS SEOANE



**CEIP EMILIA PARDO BAZÁN
A CORUÑA**





Nasín cando as prantas nasen,
no mes das froles nasín,
nunha alborada mainiña,
nunha alborada de abril.

Por eso me chaman Rosa,
mais a do triste sorrir,
con espiñas para todos,
sin ningunha para ti.

Desque te quixen, ingrato,
todo acabou para min,
que eras ti para min todo,
miña groria e meu vivir.

De que, pois, te queixas, Mauro?
De que, pois, te queixas, di,
cando sabes que morrera
por te contemplar felís?

Duro cravo me encravaches
con ese teu maldesir,
con ese teu pedir tolo
que non sei que quer de min,
pois dinche canto dar puden
avariciosa de ti.

*O meu corasón che mando
cunha chave para o abrir,
nin eu teño más que darche,
nin ti más que me pedir*

<https://www.youtube.com/watch?v=qkJBWiYPTI>



*Campanas de Bastavales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.*

Cando vos oio tocar,
campaniñas, campaniñas,
sin querer torno a chorar.

Cando de lonxe vos oio,
penso que por min chamade
e das entrañas me doio.

Dóiome de dor ferida,
que antes tiña vida enteira,
i hoxe teño media vida.

Solo media me deixaron
os que de aló me trouxeron,
os que de aló me roubaron.

Non me roubaran, traidores,
¡ai!, uns amores toliños,
¡ai!, uns toliños amores.

Que os amores xa fuxiron,
as soidades viñeron...
de pena me consumiron.